

CIRCUITO GADIS RECREO CULTURAL DA ESTRADA

Finalizada a proba do Circuito Gadis realizada o pasado sábado 29 de outubro de 2016, nas instalacións deportivas do Recreo Cultural da Estrada e organizada pola Escola de Tenis Marcos Vilasánchez.

Dado que as condicións meterolóxicas non puideron ser mellor este fin de semana, puidemos empregar tanto as pistas interiores como as exteriores. Nas nosas pistas cubertas de GreenSet participaron os rapaces e rapazas de pista pequena e pista 3/4, e os máis maiores xogaron nas nosas pistas exteriores de quick. Isto foi estupendo, porque todas as nosas pistas estaban con actividade tenística e os pais iban de pista en pista vendo todos os partidos.

De todas as pistas do Recreo Cultural se escoitaban aplausos, daba igual se xogaban os máis pequenos ou os máis grandes, a ilusión que poñían estos xóvenes tenistas era a mesma, brindándonos a todos un gran espectáculo e, sobre todo, unha alegría para todo aficionado que lle guste o tenis por ver que pasión poñen estas futuras promesas.

Os máis peques e os de pista 3/4 estiveron xogando preto de dúas horas. Os partidos eran moi igualados e ningún rapaz quería descansar ao acabar o partido, querían xogar. Despois dunha hora e media de tenis e de que xogaran todos contra todos fíxoselles xogos para todos os peques. Os de pista 3/4, debido á enorme igualdade dos seus partidos, con resultados como 17/15 ou 16/14, acabaron xusto á par que os máis peques. Dadas as 6 da tarde preparámoslles unha ben merecida merendola e fixémos a entrega de medallas.

Os de pista completa pasaron a xogar en todas as pistas, polo que había 4 partidos de pista completa en cada turno. Partidos igualadísimos, puntos moi largos, puntos de gran calidade, celebracións imitando aos profesionais e un largo etc. Chapó tamén polos máis maiores e polo seu comportamento exemplar, ao igual que o foi tamén o dos demais.

Unha hora máis tarde que os peques e os de pista 3/4 remataron os maiores e preparámoslles outra merenda para estos e máis entregamos as medallas.

En resumen, clima perfecto, comportamento exemplar tanto de pais como de rapaces e tenis, moito tenis. Xornada de tenis exemplar e moi ilusionante a celebrada nas instalacións do Recreo Cultural. So queda dar as gracias, en primeiro lugar, aos pais por achegar aquí aos seus fillos e fillas e que puideran disfrutar desta xornada, ao clima por brindarnos un día así, á Federación Galega de Tenis por permitir que se realicen este tipo de eventos, á Escola de Tenis Marcos Vilasánchez e ao Recreo Cultural, e tamén, aos voluntarios da escola de tenis por achegarse a botar unha man en todo o momento, facendo que a organización do evento fose o mellor posible, que é o que merecen todos os cracks que viñeron a participar nesta proba.

Moitas gracias a todos.

Crónica de: Miguel Sánchez - Recreo Cultural de A Estrada